



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Enfermería da Saúde Mental		Código	661G01015
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Rodríguez San Adrián, Belén	Correo electrónico	b.rodriguez3@col.udc.es	
Profesorado	Rodríguez San Adrián, Belén	Correo electrónico	b.rodriguez3@col.udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Preténdese capacitar o futuro profesional de enfermaría para que, ao empregar os coñecementos adquiridos, poida observar, identificar e dar resposta ás necesidades emocionais do individuo, da familia e da comunidade, tratando de pór ao seu alcance os instrumentos necesarios que posibiliten o manexo ante as situacións determinadas, para así poder valorar os problemas de enfermaría e planificar os cuidados encamiñados a responder ás necesidades, as condutas e os sentimentos do paciente, integrando plenamente a atención na saúde mental.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A59	Coñecer os problemas de saúde mental máis relevantes nas diferentes etapas do ciclo vital, proporcionando cuidados integrais e eficaces, no ámbito da enfermaría.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Describir os principais problemas de saúde mental	A59		
Identificar as necesidades de coidados das persoas con problemas de saúde mental	A59	B3 B7 B8 B15 B16 B24	C7 C8 C10 C11 C12
Planificar coidados de enfermaría para as persoas con problemas de saúde mental	A59	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B15 B16	C3 C6 C7 C8 C10 C11 C12

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE DIDÁCTICA I: INTRODUCCIÓN Á ENFERMARÍA PSQUIATRICA E DE SAÚDE MENTAL	<p>TEMA 1.- Introducción á enfermaría psiquiátrica.</p> <p>1.1 Concepto de saúde mental</p> <p>1.2 Historia da psiquiatría e da enfermaría psiquiátrica</p> <p>1.3 A saúde mental nos modelos enfermeiros</p> <p>1.4 Definición de enfermaría en saúde mental.</p> <p>TEMA 2.- Rol da enfermeira na saúde mental</p> <p>2.1 Función social da enfermaría na saúde mental</p> <p>2.2 Achegas terapéuticas da enfermaría ao equipo interprofesional.</p> <p>TEMA 3.- Comunicación e relaciónes persoais</p> <p>3.1 Esquemas comunicativos</p> <p>3.2 Relación terapéutica: que, como e cando.</p> <p>3.3 Relación terapéutica nos coidados de saúde mental.</p> <p>TEMA 4.- Proceso de atención de enfermaría en saúde mental .</p> <p>4.1 Valoración</p> <p>4.2 Diagnóstico</p> <p>4.3 Planificación/ intervención</p> <p>4.4 Avaliación.</p>



UNIDADE DIDÁCTICA II: PROCESOS PSICOPATOLOXICOS

TEMA 5.- Bases conceptuais da psicopatoloxía
clasificación dos diagnósticos.

- 5.1 Enfermidade psiquiátrica e trastorno en psiquiatría
- 5.2 Bases biolóxicas, psicolóxicas e sociais da psiquiatría
- 5.3 Principais alteracións dos procesos psicolóxicos
- 5.4 Sistemas de clasificación dos diagnósticos.

TEMA 6.- Trastornos psicóticos.

- 6.1 Concepto.
- 6.2 Manifestacións .
- 6.3 Plano de cuidados.

TEMA 7.- Trastornos do estado de ánimo.

- 7.1 Concepto
- 7.2 Manifestacións
- 7.3 Plano de cuidados.

TEMA 8.- Trastornos por ansiedade.

- 8.1 Concepto
- 8.2 Manifestacións
- 8.3 Plano de cuidados.

TEMA 9.- Trastornos somatomorfos e dissociativos.

- 9.1 Concepto
- 9.2 Manifestacións
- 9.3 Plano de cuidados

TEMA 10.- Trastornos da conduta alimentaría.

- 10.1 Concepto
- 10.2 Manifestacións
- 10.3 Plano de cuidados.

TEMA 11.- Trastornos da personalidade

- 11.1 Concepto
- 11.2 Manifestacións
- 11.3 Plano de cuidados

TEMA 12.- Trastornos relacionados con substancias psicoactivas.

- 12.1 Concepto
- 12.2 Clasificación das drogas
- 12.3 Manifestacións
- 12.4 Plano de cuidados.

TEMA 13.- Delirium e demencia

- 13.1 Concepto
- 13.2 Manifestacións clínicas
- 13.3 Plano de cuidados

TEMA 14.- Trastornos do inicio na infancia, nenez e adolescencia.

- 14.1 Concepto
- 14.2 Manifestacións



14.3 Plano de cuidados

TEMA 15.- Trastornos do sono.

15.1 Concepto

15.2 Manifestacións

15.3 Plano de cuidados



UNIDADE DIDÁCTICA III: ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN .

TEMA 16.- Técnicas grupais en enfermaría de saúde mental.

16.1 Grupos de educación para a saúde

16.2 Grupos terapéuticos expresivos e emocións

TEMA 17.- Estratexias de intervención familiar

17.1 Familia e formas familiares

17.2. A familia como sistema

17.3 Crise e homeostase familiar

TEMA 18.- Estratexias farmacolóxicas

18.1 Valoración de efectos secundarios dos psicofármacos

18.2 Tipos de programas de administración de psicofármacos.

TEMA 19.- Técnicas de intervención en situación de urxencia psiquiátrica

19-1 Concepto de urxencia psiquiátrica

19.2 Avaliación

19-3 Protocolos.

TEMA 20.- Estratexias de intervención en situacións de duelo

20.1 Concepto de duelo

20.2 Tipos de duelos

20.3 Proceso de acompañamento



UNIDADE DIDÁCTICA IV: PERSPECTIVA DE XÉNERO E SAÚDE MENTAL

TEMA 21.-Por qué é impotante o xénero en Saúde Mental

21.1 Qué se entende por xénero.

21.2 Relacións de poder, e o seu impacto na saúde das mulleres.

21.3 A socialización do corpo das mulleres.

22.4 Implicacións das profesionais na perspectiva de xénero.

TEMA 22.- Malestatares de xénero

22.1. Síndrome de xénero por ruptura de parella.

22.2. Normas no procoso de ruptura de parella.

22.3 Vínculos afectivos na relación de parella.

TEMA 23.- A Violencia de xénero

23.1 Tipificación da violencia de xénero .

23.2 Dos micromachismos a violencia de xénero.

23.3 A escala e o ciclo da violencia de xénero.

23.4 Indicadores para a detención dos malos tratos.

23.5 Recursos para as vítimas de violencia de xénero

TEMA 24.-Maltrato infantil

23.1 Maltrato infantil na familia.

24.2 Tipos de maltrato infantil-

24.3.Factores de risco.

24.4 Parentalidad positiva.

TEMA 25.- Malos tratos en persoas maiores.

25.1 Tipos de malos tratos

25.2 Envellecemento, xénero e malos tratos.

25.3 Conocer as peculiaridades nas mulleres maiores.

25.4 Como empoderar a mulleres nesta situación.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A59 B3 B4 B6 B7 B16 B24 C10 C11	6	10	16
Sesión maxistral	A59 B2 B3 B4 B6	20	30	50
Estudo de casos	A59 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B15 B16 B24 C3 C7 C8 C12	10	18	28
Traballos tutelados	A59 B2 B3 B5 B7 B8 B15 B16 C3 C7 C8 C11	4	10	14
Proba mixta	A59 B2 B3 B8	4	22	26



Análise de fontes documentais	A59 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B15 B16 B24 C6 C8 C10 C11	4	8	12
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Actividade na que despois de expoñer un tema relacionado coa asistencia na saúde mental fomentárase a discusión desde distintas posicións.
Sesión maxistral	Actividade na que a profesora fará unha exposición oral de temas centrais da asignatura, apoiada de medios audiovisuais.
Estudo de casos	Actividade grupal na que se sitúa aos estudantes ante un caso o ante una situación real da actividade profesional na que deben ser capaces de analizar os feitos para comprender a situación clínica.
Traballos tutelados	Actividade na que os alumnas/os realizarán un traballo grupal sobre un tema concreto relacionado coa saúde mental que será asignado polo profesor. Este traballo será exposto na clase ó resto do grupo.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.
Análise de fontes documentais	Actividade grupal na que se utilizarán películas para a análise de temáticas relevantes para o desenvolvemento da materia coas seguintes actividades específicas: 1-Determinar o momento histórico e contexto 2-Determinar o tema da película 3-Realizar un resúmen da situación patolóxica. 4-Describir o rol da enfermeira/o. Describir os obxectivos xerais dos coidados de enfermería. 5-Analizar as experiencias ou respostas humanas que experimentan os personaxes

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Proba mixta Traballos tutelados	-A atención personalizada relacionada cos casos prácticos ten como finalidade orientar, apoiar e motivar ao alumnado na realización das actividades así como atender as consultas realizadas sobre os temas relacionados coa materia. Realízase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de xeito presencial (en sesións grupais ou en horario de tutoría) ou a través da plataforma Teams. -A atención personalizada relacionada co traballo titorizado preténdese orientar, apoiar e motivar ao alumnado na realización do traballo. Realízase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de xeito presencial (en sesións grupais ou en horario de tutoría) ou a través da plataforma Teams. -A atención personalizada relacionada coa proba mixta está destinada a atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo dos contidos da materia. Realízase de forma individual, presencial (na aula ou en horario de tutoría) ou a través do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A59 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B15 B16 B24 C3 C7 C8 C12	-Se valorara as intervencións individuais en cada caso que se aborde.	10



Proba mixta	A59 B2 B3 B8	<p>-Proba escrita que constará de preguntas curtas e/ou tipo test relacionadas con contidos teóricos, casos prácticos, análise de fontes documentais, discusión guiada e traballo tutelado.</p> <p>-Puntuarase un mínimo de 0 e un máximo de 10.</p>	60
Traballos tutelados	A59 B2 B3 B5 B7 B8 B15 B16 C3 C7 C8 C11	<p>-Será obrigatoria a realización do traballo tutelado. Esta metodoloxía desenvolverase entre 3-4 alumnos a partir dun tema proposto polo profesor. O traballo exporase ao resto do alumnado.</p> <p>-A avaliación do traballo realizarase mediante unha rúbrica específica para o traballo e para a exposición oral que o alumnado terá especificado na plataforma Moodle.</p> <p>-Puntuarase un mínimo de 0 e un máximo de 10</p>	30

Observacións avaliación

-Para promediar a porcentaxe das diferentes metodoloxías o estudiantado debe aprobar, cunha nota de 5 sobre 10, cada unha das metodoloxías de avaliación da asignatura (estudo de casos, traballos tutelados e proba mixta)

-Segunda oportunidade: Gardarase a nota da parte superada (estudo de casos, traballo tutelado o proba mixta). Terá que realizar a parte non superada (estudo de casos, traballo tutelado o proba mixta). Os estudos de casos e o traballo tutelado farase mediante un traballo individual sobre unha temática proposta polo docente. A proba mixta será das mesmas características que na primeira oportunidade. Utilizarase as mesmas características e criterios que na 1ª oportunidade. As probas realizaranse o mesmo día coincidindo coa data oficial de avaliación para a 2ª oportunidade.

-Adianto de oportunidade: Realizarase un traballo tutelado individual dun tema proposto polo profesorado que terá unha puntuación do 30% e realizarase unha proba mixta que terá unha puntuación do 70%. Deberá aprobar cada unha das metodoloxías de avaliación, cunha nota de 5 sobre 10, para poder facer a media das dúas partes. -Alumnado con matrícula parcial: Os criterios de avaliación serán os mesmos que os alumnos con adianto de oportunidade.-A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información



Bibliografía básica

- <http://www.psiquiatria24x7.com> (). .
- <http://www.psiquiatria.com/> (). .
- Siso saúde. (). .
- <http://www.index-f.com/presencia/revista.php> (). .
- Cultura de los Cuidados (). .
- <http://www.anesm.net/> (). .
- Index de Enfermería (). .
- <http://www.psiquiatria24x7.com> (). .
- <http://www.septg.org/> (). .
- RIGOL CUADRA, A. (2001.). Enfermería de salud mental y psiquiátrica . Masson D.L. Barcelona
- FORNES VIVES, J; CARBALLAL BALSALSA, Mª C. (2001). Enfermería de Salud Mental y Psiquiátrica. Guía práctica de valoración y Estrategias de intervención. . Ed. Médica Panamericana. Madrid;
- FORNES VIVES, (2005.). Enfermería de Salud Mental y Psiquiátrica. Planes de cuidados.. Ed. Panamericana. Madrid
- MEJIAS LIZANCOS , F; SERRANO PARRA, MªD; (coordinadores (2000). Enfermería en Psiquiatría y Salud Mental. Enfermería s-21 . Ediciones DAE. Madrid ?Valencia;
- Francisco Megías-Lizancos, José Luis Molino Contreras, Germán Pacheco Borrella (2005). Guía de intervención rápida de enfermería en psiquiatría y salud mental . Madrid Valencia: Difusión Adelantada de Enfermería
- CIBANAL JUAN, L.; ARCE SÁNCHEZ, MªC; CARBALLAL BALSALSA, MªC (2010). TECNICAS DE COMUNICACION Y RELACION DE AYUDA EN CIENCIAS DE LA SALUD (+ DVD) (2ª ED). S.A. ELSEVIER ESPAÑA
- <http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/profesionalesInvestigacion/sanitario/docs/PSanitarioV> (2012). Protocolo común para la actuación sanitaria ante la Violencia de Género. XUNTA DE GALICIA
- (2014). Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales : DSM-5. Buenos Aires : Panamericana, [2014]
- <https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-16611-consolidado.pdf> (2007). LEY 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género. XUNTA DE GALICIA
- <http://www.papelesdelpsicologo.es/pdf/1543.pdf> (). VALORACIÓN DEL RIESGO DE VIOLENCIA CONTRA LA PAREJA POR MEDIO DE LA SARA ASSESSMENT OF THE RISK OF INTIMATE PARTNER VIOLENCE AND THE SARA.
- https://www.who.int/violence_injury_prevention/violence/inspire/INSPIRE_ExecutiveSummary_ES.pdf (2016). INSPIRE Siete estrategias para poner fin a la violencia contra los niños WHO 2016. WHO
- https://www.fapmi.es/imagenes/subsecciones1/SOIC_Guia%20Ciudadano_Maquetada_30-03-11.pdf (2011). DETECCIÓN Y NOTIFICACIÓN DE CASOS DE MALTRATO INFANTIL Guía para la ciudadanía-. FAPMI
- <http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/guia-voluntariado-en-violencia-de-xe> (2012). Guía para o voluntariado en violencia de xénero . XUNTA DE GALICIA
- <http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/profesionalesInvestigacion/sanitario/docs/PSanitarioV> (2012). Protocolo común para la actuación sanitaria ante la Violencia de Género. XUNTA DE GALICIA
- <https://www.mscbs.gob.es/ssi/familiasInfancia/docs/folletoParentalidad.pdf> (2010). Parentalidad positiva y políticas locales de apoyo a las familias 2010 . FEMP
- <https://www.mscbs.gob.es/ssi/familiasInfancia/ayudas/docs2013-14/GuiaDeBuenasPracticas2015.pdf> (2013). Guía de Buenas Prácticas en Parentalidad Positiva Un recurso para apoyar la práctica profesional con familias . FEMP
- <https://unaf.org/wp-content/uploads/2013/07/Guia-Profesionales-Daphne.pdf> (2009). Guía Pro fesionales Trabajo en Grupo para la Promoción del Buen Trato Con Mujeres Mayores . UNAF
- http://www.observatoriodelainfancia.mscbs.gob.es/productos/pdf/malt2011v4_total_100_acces.pdf (2011). Maltrato Infantil en la familia en España . M.Sanidad
- https://www.mscbs.gob.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/pdf/equidad/Protocolo_MGF_vers5feb2015.pdf (2015). Protocolo común para la actuación sanitaria ante la Mutilación Genital Femenina (MGF) . M.Sanidad
-
- <https://www.escuelaesen.org/AULAESEN/wp-content/uploads/2018/10/RELACIONES-DE-PODER-CÓDIGOS-PROCESOS> (2018). RELACIONES DE PODER, CÓDIGOS, PROCESOS DE NATURALIZACIÓN Y SU IMPACTO EN LA SALUD DE LAS MUJERES . ESEN



- 0. -



Bibliografía complementaria	- Ventosa Esquinaldo, Francisco (2000). CUIDADOS PSIQUIÁTRICOS DE ENFERMERÍA EN ESPAÑA: (SIGLOS XV AL XX): Una aproximación histórica . ISBN: 9788497984355 - : Vivien K. Burt - Victoria C. Hendrick (2007). MANUAL CLÍNICO DE SALUD MENTAL DE LA MUJER . ISBN: 978849751152 - (). .
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía/661G01003

Fundamentos da Enfermaría/661G01007

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016

Fisioloxía/661G01105

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Farmacoterapia/661G01024

Materias que continúan o temario

Fisioloxía/661G01105

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.No caso de que a entrega dos traballos, fose en papel:- Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara- Empregarase papel reciclado- Evitarase a impresión de borradores.- Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluíndo aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías